

Regulamento do Valedor ou Valedora Universitaria da Universidade de Vigo

(Aprobado polo Claustro Universitario o día 16 de outubro de 2020)

Capítulo I: Disposicións xerais

Artigo 1. Misión, finalidade e réxime xurídico

1. A valedora ou valedor universitario é o órgano especificamente encargado de velar polo respecto aos dereitos e ás liberdades dos membros da comunidade universitaria ante as actuacións dos diferentes órganos e dos servizos universitarios.
2. No exercicio das súas funcións, rexerase pola lexislación xeral aplicable, polas disposicións específicas contidas nos Estatutos da Universidade de Vigo e polas normas deste regulamento.

Capítulo II: Elección, nomeamento e cese

Artigo 2. Elección e nomeamento da valedora ou valedor universitario

1. Poderá ser elixido/a valedor ou valedora universitario calquera profesional da Universidade de Vigo con vinculación permanente e a tempo completo que, a xuízo do Claustro Universitario, conte co aval do seu prestixio persoal e profesional.
2. O Claustro elixirá a valedora ou valedor universitario por un período de seis anos, sen posibilidade de reelección consecutiva. Será elixida a candidatura que obteña o voto favorable da maioría absoluta dos membros do Claustro. Se ninguén obtén esa maioría na primeira volta, repetirase a votación entre as dúas persoas máis votadas, e elixirase a candidatura que obteña dúas terceiras partes de votos favorables dos membros presentes. Unha vez elixida polo Claustro, será nomeada pola reitora ou reitor.

Artigo 3. Cesamento do valedor ou valedora universitaria

A valedora ou valedor universitario finalizará o seu mandato polas seguintes causas:

- a) Por pedimento propio
- b) Por expiración do prazo do seu mandato, aínda que permanecerá en función ata que o Claustro elixa quen o vai suceder
- c) Por deixar de ser membro da Universidade de Vigo
- d) Por falecemento ou por incapacidade sobrevida para desempeñalas súas funcións.
- e) A proposta de, polo menos, o 20% dos e das claustrais, e o seu cesamento requirirá a maioría absoluta dos membros do Claustro.
- f) Polas establecidas nos Estatutos da Universidade para cargos unipersoais.

Artigo 4. Suplencia do valedor ou valedora universitaria

A valedora ou valedor universitario será suplido ou suplida temporalmente no exercicio das súas funcións por un dos membros da Comisión Asesora, debendo aprobar a Mesa do Claustro a persoa da Comisión Asesora que o ou a substitúa.

Capítulo III. Estatuto da valedora ou valedor universitario

Artigo 5. Autonomía e independencia

1. O valedor ou valedora universitaria non estará sometido a mandato imperativo de ningunha instancia universitaria nin recibirá instrucións de ningunha autoridade ou órgano de goberno.
2. A valedora ou valedor universitario non poderá ser expedientado ou sancionado por razón de opinións que formule ou polos actos que realice no exercicio lexítimo das súas funcións.
3. O valedor ou a valedora é responsable da súa xestión diante do claustro, órgano ante quen deberá presentar unha memoria anual sobre as actividades desenvoltas en exercicio das súas funcións.

Artigo 6. Réxime de incompatibilidades

A condición de valedora ou valedor universitario é incompatible co desempeño de calquera cargo de goberno ou de representación da Universidade, non podendo desenvolver ningunha actividade nin para a Universidade nin para terceiros que poda supoñer un conflito de interese

Artigo 7. Infraestruturas e medios

1. O valedor ou valedora universitaria terá a súa sede nun local diferente daquel no que habitualmente estea o equipo reitoral. En calquera caso, non se localizará en ningún centro ou sede departamental.
2. A Universidade deberá facilitar á valedora ou valedor universitario o apoio administrativo e material necesario para o adecuado desempeño das súas funcións.
3. A dotación económica necesaria para o funcionamento do órgano será incluída no orzamento da Universidade de Vigo.
4. A Valedoría contará cun rexistro propio de carácter confidencial.

Artigo 8. Rango da valedora ou valedor universitario

A figura do valedor ou valedora universitaria equipararase para os efectos económicos, protocolarios e de exención docente, á de vicerreitor/a.

Capítulo IV. Funcións da valedora ou valedor universitario

Artigo 9. Funcións

1. O valedor ou valedora universitaria actúa de oficio ou a instancia de parte en relación coas solicitudes, queixas, suxestións e observacións que sexan susceptibles de necesitar o seu amparo, formuladas por calquera membro da comunidade universitaria.

2. A valedora ou valedor universitario tamén poderá desempeñar un labor mediador a efectos de solucionar un conflito que afecte a membros da comunidade universitaria.

Artigo 10. Comisión Asesora do valedor ou valedora universitaria

1. A valedora ou valedor universitario contará cunha Comisión Asesora para desenvolver as súas funcións.
2. A Comisión Asesora estará integrada polos seguintes membros:
 - a. Un representante do PDI e o seu correspondente suplente.
 - b. Un representante do alumnado e o seu correspondente suplente.
 - c. Un representante do PAS e o seu correspondente suplente.
3. Os membros da Comisión Asesora serán elixidos entre os membros da comunidade universitaria polo colectivo respectivo do Claustro cada vez que este se renove na súa totalidade. Todos os membros serán elixidos por unha maioría de 2/3 dos presentes do sector correspondente ou por maioría simple en segunda volta.
4. Perderase a condición de membro da Comisión Asesora:
 - a) Por pedimento propio
 - b) Pola elección dunha nova Comisión
 - c) Por falecemento ou incapacidade legal sobrevida
 - d) Por perda das condicións necesarias para ser elixido/a
 - e) Por incumprimento ou deixamento reiterados das función que lle sexan propias, a proposta da Comisión.
5. A función dos membros da Comisión Asesora será prestar a axuda e asesoramento que lle sexa requirido polo valedor ou valedora universitaria.
6. A valedora ou valedor universitario designará, de entre os membros da Comisión Asesora, á persoa que actuará en funcións cando a valedora ou valedor se atope nalgunha das situacións seguintes:
 - a. Baixa por incapacidade temporal.
 - b. Abstención ou recusación.
 - c. Ausencia.

Artigo 11. Solicitude de información

O valedor ou valedora universitaria solicitará e recibirá información dos órganos de goberno, representación e administración da Universidade aos que afecten as solicitudes, queixas, suxestións ou observacións realizadas.

Artigo 12. Deber de colaboración coa valedora ou valedor universitario.

1. Todos os órganos de goberno, representación e administración da Universidade, así como todos os membros da comunidade universitaria, teñen o deber de colaborar co valedor ou valedora universitaria no exercicio das súas funcións, que, para tal

efecto, terá a consideración de autoridade, e non poderá negarse o acceso a ningún expediente ou documentación relacionados co obxecto da investigación, sen prexuízo do debido respecto aos dereitos e liberdades das persoas.

2. Todos os órganos ou membros da comunidade universitaria afectados deberán informar á valedora ou valedor das actuacións levadas a cabo en cumprimento das recomendacións do valedor ou valedora contidas nos seus ditames ou informes.
3. Os incumprimentos do deber de colaboración por parte dos órganos ou membros da comunidade universitaria, ademais de ser comunicados ao reitor para que tome as medidas oportunas, faranse constar na memoria anual da valedora ou valedor.

Artigo 13. Actuación do valedor ou valedora universitaria.

No exercicio das súas funcións, a valedora ou valedor actuará formulando suxestións, propostas e recomendacións aos responsables inmediatos dos servizos da Universidade, aos responsables máximos universitarios e á persoa ou persoas implicadas sobre as medidas que se deberían adoptar para eliminar as deficiencias ou problemas observados, e, igualmente, achegando posicións das partes en conflito.

Artigo 14. Procedementos de revisión de oficio

Os informes do valedor ou valedora universitaria poderán servir de motivación para iniciar os procedementos de revisión de oficio que eventualmente resulten oportunos.

Artigo 15. Deber de sigilo

A valedora ou valedor, así coma os membros da Comisión Asesora deberán gardar a confidencialidade dos datos e información de carácter persoal ou reservado obtidas no desempeño das súas funcións.

Capítulo V: Tramitación de queixas e reclamacións

Artigo 16. Actuación de oficio ou a instancia de parte

1. Calquera membro da comunidade universitaria que considere que se lesionaron os seus dereitos ou intereses lexítimos pola actuación dos órganos de goberno, autoridades académicas ou servizos administrativos da Universidade de Vigo, poderán acudir ao valedor ou valedora universitaria e solicitar a súa intervención unha vez que se esgotaron as instancias universitarias previstas na lexislación vixente.
2. A valedora ou valedor universitario poderá actuar de oficio cando teña coñecemento dun asunto no que concorran as circunstancias do apartado anterior.

Artigo 17. Prazo de presentación de queixas ou reclamacións

As queixas, tanto individuais como colectivas, formularanse no prazo máximo dun mes desde que se esgotaron as instancias universitarias previstas na lexislación vixente.

Artigo 18. Forma de presentación de queixas ou reclamacións

1. As queixas ou reclamacións dirixiranse ao valedor ou valedora universitaria, e deberán presentarse no rexistro electrónico da Universidade.
2. As queixas ou reclamacións formularanse mediante a presentación dun escrito asinado pola persoa interesada que conteña os seus datos persoais, o sector ao que

pertence e o seu domicilio a efectos de notificación, e no que se concreten con suficiente claridade os feitos que orixinan a queixa, o motivo e alcance da pretensión que se expón e a petición que se dirixe á valedora ou valedor universitario. Ademais, faranse constar as xestións realizadas previamente ante a administración universitaria, e presentarse a documentación necesaria para facilitar a tramitación da queixa ou reclamación formulada.

Artigo 19. Admisión das queixas ou reclamacións

1. O valedor ou valedora universitaria, nun prazo máximo de 15 días, contestará motivadamente respecto de se procede ou non a admisión a trámite das queixas ou reclamacións recibidas.
2. Rexeitaranse as queixas ou reclamacións anónimas, as que estean sometidas a instancias xudiciais e as que estean pendentes dun expediente disciplinario, un recurso administrativo interposto previamente e nas que non esgotasen as instancias previstas na normativa aplicable. sen que tal rexeitamento impida a súa eventual posterior presentación, de resultar procedente, segundo as circunstancias do caso concreto. En todos os casos, trasladarase ás persoas interesadas a motivación que fundamentou a inadmisión. O anterior non impedirá, non obstante, a investigación sobre os problemas xerais suscitados por estas queixas.
3. Cando a valedora ou valedor universitario advirta na queixa ou reclamación falta de fundamento, inexistencia de pretensión ou concreción da mesma ou falta de documentación, instará ao interesado para que emende ou mellore o escrito presentado no prazo de 10 días; de non recibir contestación, entenderase que a persoa interesada desiste da súa pretensión e procederase ao arquivo da reclamación.

Artigo 20. Tramitación das queixas ou reclamacións

O valedor ou valedora universitaria instruirá o procedemento servíndose dos medios seguintes:

- a. Solicitar informes dos órganos, servizos ou membros da comunidade universitaria.
- b. Manter entrevistas informais con calquera membro da comunidade universitaria.
- c. Acudir a calquera dependencia da Universidade para comprobar todos os datos que fosen necesarios.
- d. Solicitar o auxilio ou asistencia técnica dos responsables universitarios.
- e. Solicitar informes externos.

Artigo 21. Terminación do procedemento

1. O pronunciamento sobre a reclamación ou queixa será notificado á persoa interesada e a quen se poidan ver afectados pola mesma.
2. Cando das actuacións practicadas se desprenda que unha queixa foi orixinada polo abuso, arbitrariedade, discriminación, erro, negligencia ou omisión dun membro da comunidade universitaria ou dun órgano colexiado, a valedora ou valedor presentará un informe ao reitor/a para que tome as medidas adecuadas para o restablecemento da situación perturbada.

3. O valedor ou valedora comunicará as recomendacións positivas ou negativas aos órganos académicos correspondentes.

Capítulo VI: Procedemento de mediación ante a valedora ou valedor universitario.

Artigo 22. Iniciación da mediación

1. Os membros da comunidade universitaria involucrados nunha controversia poderán acudir ao valedor ou valedora universitaria instando a súa mediación a efectos de solucionar o problema dunha forma consensuada.
2. A petición de mediación realizarase mediante escrito, en que conste con claridade o motivo e alcance da pretensión que se formula, os datos persoais dos solicitantes e o sector ao que pertencen.
3. A petición de mediación poderá presentarse por todas as partes implicadas no conflito ou unilateralmente por unha delas; neste caso, e sempre que non se trate de ningún dos supostos incluídos no art. 18.2 deste regulamento, a petición trasladarase á outra parte para que, no prazo de 15 días, consinta participar no procedemento de mediación. A falta de contestación entenderase como un rexeitamento á mediación.

Artigo 23. Procedemento de mediación.

1. Cando todas as partes implicadas acepten a súa mediación, a valedora ou valedor universitario poderá utilizar os medios previstos no art. 19 deste regulamento.
2. Ademais, o valedor ou valedora universitaria poderá citar ás partes para tentar a súa avinza, moderando o debate, concedendo cantas intervencións considere oportunas, solicitando as necesarias aclaracións e lanzando propostas de achegamento de posturas. Garantirase en todo caso, o dereito de audiencia dos presentados, así como o principio de igualdade e contradición. A incomparecencia non xustificada de ambas as partes ou dalgunha delas, dará lugar á finalización da mediación, debéndose levantar unha acta na que se sinalará que foi tentada sen efecto.
3. A duración do procedemento de mediación será o máis breve posible e concentrarase no menor número de sesións.

Artigo 24. Terminación do procedemento de mediación

1. O procedemento de mediación pode concluír en acordo ou finalizar sen alcanzar o devandito acordo, ben sexa porque todas ou algunha das partes exerzan o seu dereito a dar por terminadas as actuacións, comunicándollo ao valedor ou valedora, ou ben cando se aprecie de maneira xustificada que as posicións das partes son irreconciliables ou concorra outra causa que determine a súa conclusión.
2. O acordo de mediación, se houbese avinza, formalizarase por escrito, levantándose, en tal caso, acta da sesión, con indicación dos acordos alcanzados, asinándose por todas as partes.
3. En caso de producirse desavinza, a valedora ou valedor universitario levantará acta nese mesmo instante, rexistrando a proposta formulada, a ausencia de acordo e as razóns alegadas polos intervinientes, asinándose por todas as partes.

Capítulo VII: Disposicións finais

Artigo 25. Recursos

Os pronunciamentos do valedor ou valedora non serán susceptibles de recurso.

Artigo 26. Suxestións

1. A valedora ou valedor universitario, aínda non sendo competente para modificar ou anular os actos e resolucións da Administración universitaria, poderá non obstante suxerir a modificación dos criterios utilizados para a súa emisión.
2. Se o valedor ou valedora universitaria considerase como resultado das súas investigacións que o cumprimento rigoroso dunha norma pode provocar situacións inxustas ou prexudiciais para os membros da comunidade universitaria, poderá suxerir a súa modificación ao órgano ou servizo competente.

Artigo 27. Reforma do regulamento

O presente Regulamento e as súas modificacións serán aprobados polo Claustro Universitario a proposta da valedora ou valedor universitario.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA.

Este Regulamento será de aplicación, no que resulte pertinente, aos asuntos que se atopen en tramitación cando se produza a súa entrada en vigor.

DISPOSICIÓN FINAL.

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación polo Claustro Universitario, e quedarán derogadas todas as normas que se opoñan ao mesmo.